

CONCLUSIONES

CAP. 1. A ECONOMÍA GALEGA EN 2021

Primeira. En 2021 Galicia rexistrou un aumento lixeiramente superior do PIB (5,2%) ao experimentado a nivel nacional (5,1%), despois de caer en 2020 (-8,9% e -10,8%, respectivamente) .

Segunda. Do PIB galego en 2019 (último dato desagregado dispoñible), a provincia da Coruña xerou un 42,7% e a de Pontevedra un 33,9%. Conxuntamente, as provincias de Lugo (12,3%) e Ourense (11,2%) representan menos da cuarta parte do PIB en Galicia.

Terceira. En 2021 un 24,7% dos fogares en Galicia non tiña capacidade económica para facer gastos imprevistos (8,9 puntos porcentuais menos ca media estatal) e un 7,0% tiveron retrasos nos pagos relacionados coa súa vivenda principal (4,0 puntos menos ca media estatal). Un 6,7% dos fogares galegos tiveron moita dificultade para chegar a fin de mes (1,9 puntos porcentuais menos que a media estatal). Finalmente, os ingresos medios anuais netos por persoa en Galicia en 2021 (11.453 euros) estaban un 6,7 % por baixo da media española.

Cuarta. O valor das exportacións/expedicións de Galicia ao estranxeiro acadou en 2021 os 25.269 millóns de euros, mentres que as importacións foron de 20.115 millóns de euros. A diferenza foi de 5.154 millóns (en 2020 foi de 4.274 millóns de euros).

CAP. 2. ESTRUCTURA EMPRESARIAL E POLÍTICA INDUSTRIAL

Primeira. En 2021 Galicia rexistra unha caída do 1,6% no número de empresas, conservando a quinta posición no relacionado co número de empresas, cun 5,78% das empresas españolas.

Segunda. Persiste, un ano máis, a concentración de empresas galegas en torno ao sector servizos (79,8%) fronte ao industrial (6,1%) ou o das empresas da construción (14,1%). Obsérvase que a concentración relativa de empresas galegas industriais, de construción e comerciais é lixeiramente superior á media estatal, fronte a unha menor presenza das empresas do “resto de servizos”, cunha participación catro puntos porcentuais inferior á media do Estado.

Terceira. Confírmase tamén a concentración da actividade empresarial nas provincias atlánticas A Coruña e Pontevedra, que achegan sete de cada dez empresas galegas.

Cuarta. Persiste a predominancia de empresas constituídas como persoa física fronte a outras fórmulas xurídicas (un 58,6% das empresas galegas constituídas en 2021). Igualmente, no que se refire ás empresas rexistradas como persoa xurídica, refórzase o protagonismo das empresas rexistradas baixo a figura de responsabilidade limitada (75,2 % das empresas inscritas como persoa xurídica).

CAP. 4. POBOACIÓN E MERCADO DE TRABALLO

Primeira. A poboación galega diminuíu en 2021 respecto a 2020 en 7.724 persoas, ata chegar a 2.689.152 habitantes. Este dato insírese nunha traxectoria de longo prazo de perda de poboación.

Segunda. A taxa de bruta natalidade en Galicia en 2021 (ultimo ano con datos dispoñibles) foi dun 5,5 por 1.000 habitantes, moi por baixo da media estatal (7,1 por 1.000 habitantes). Galicia é a penúltima comunidade autónoma do Estado nesta clasificación, só por diante de Asturias (4,7 por 1.000 habitantes). A taxa negativa de crecemento natural (ou vexetativo) de Galicia en 2021 (-6,5 por cada 1.000 habitantes) contrasta coa redución do 3,2 por cada 1.000 habitantes de España ou a diminución de 2,5 por cada 1.000 habitantes da UE27.

Terceira. A poboación activa galega no cuarto trimestre de 2021 totalizou 1.226.000 persoas, 2.900 máis que no mesmo período do ano anterior. A participación de Galicia na poboación activa en España en 2021 é de 5,3%, a mesma porcentaxe que en 2020. A taxa de actividade en Galicia foi do 72,8% en 2021, 0,44 puntos máis que en 2020 e 2,4 puntos porcentuais por baixo da taxa estatal (75,2%). Galicia pechou 2021 con 1.091.000 persoas ocupadas, tras un incremento do emprego no último ano (10.000 postos de traballo). A participación de Galicia no total de ocupación española en 2021 mantívose practicamente na mesma porcentaxe (5,4%) que no ano anterior (5,6%).

Cuarta. A taxa de temporalidade foi en 2021 en Galicia dun 24,5% (24% en 2020). Polo tanto, a contratación indefinida en 2021 foi do 75,5% (76,0% en 2020). O 4,1% dos contratos temporais en Galicia son dunha duración inferior a un mes, o 11,2% están entre 1 e 3 meses.

Quinta. A formación de demanda ou programada polas empresas experimentou un aumento no número de empresas formadoras e no número de participantes, horas de formación e crédito disposto; se o comparamos con 2020, os únicos descensos estiveron na duración media dos cursos, nos participantes en teleformación e nos permisos individuais de formación. Estes valores están moi cerca dos de 2019. O número de mulleres participantes (44,7%) segue sendo inferior ao de homes (55,3%).

Sexta. A distribución das horas de formación segundo o sector de actividade, tanto en España coma en Galicia, concéntranse maioritariamente no sector servizos, chegando ao 64,7% en Galicia e ao 72,1% no conxunto do Estado.

CAPITULO 5. MULLER E MERCADO LABORAL

Primeira. Mantense unha maior representación dos homes na contratación fronte ás mulleres (47,6% de mulleres en 2021), unida a un elevado uso dos contratos temporais, dos contratos a tempo parcial (63,5%) e un menor concerto de contratos indefinidos, que chegan en 2021 ao 46,7%, mellorando respecto ao ano anterior.

Segunda. Hai que destacar que seguen existindo modalidades contractuais eminentemente femininas como o de interinidade (70%), que o contrato para a formación e o de prácticas é inferior no grupo de mulleres. O sector servizos e ocupacións como empregada administrativa e traballadoras de servizos de restauración, persoais e de comercio manteñen a maioría feminina.

Terceira. Polas características do traballo das mulleres (máis traballo a tempo parcial, subrepresentación en postos altos, menor antigüidade media, maior temporalidade, categorías menos retribuídas altamente feminizadas etc.), as mulleres galegas percibiron un salario medio anual un 19,1% inferior ao do home (lixreira melloría) e o 46,7% das mulleres galegas tiveron ingresos iguais ou inferiores ao salario mínimo interprofesional, 32,5% no caso dos homes.

Cuarta. O importe medio das prestacións por desemprego percibidas polas mulleres galegas foi o 93,3% das recibidas polos homes, un 6,6% menos, mellorando con respecto ao ano anterior. De igual forma, as pensionistas galegas só percibiron como media o 73,2% das pensións do grupo de homes, pequena melloría sobre o ano anterior.

Quinta. Do total de persoas que realizan un traballo a tempo parcial por coidado de nenos, nenas ou persoas adultas enfermas, incapacitadas ou maiores, o 94,9% en 2021 son mulleres e o 84,4% do total de persoas traballadoras a tempo parcial con obrigas familiares ou persoais tamén son mulleres.

CAPÍTULO 6. INICIO DA RELACIÓN LABORAL

Primeira. Fronte ao notable descenso que se producira no ano 2020 nas empresas inscritas na Seguridade Social, e na actividade económica en xeral, no ano 2021 prodúcese unha forte recuperación, non chegando aínda a recuperar as cifras do ano 2019. A mesma reflexión pódese facer respecto de persoas traballadoras estranxeiras e respecto de afiliacións e altas na Seguridade Social, que se recuperan con forza respecto do ano anterior.

Segunda. A 31 de decembro de 2021, o 73,82% das empresas de Galicia que contan con persoas asalariadas, pertencen ao sector servizos, dando ocupación ao 72,43% das persoas traballadoras (no ano 2019 eran o 74,27% e daban ocupación ao 72,06%, e no ano 2020 o 73,57%, ocupando ao 71,85%). Sube o número total de empresas en 2021 en 1.420 empresas máis. O ascenso prodúcese nas empresas con persoas asalariadas (1.835) mentres que diminúen nas autónomas sen persoal asalariado (-415). Sendo as empresas organizadas xuridicamente baixo a fórmula de persoa xurídica o 60,83% do total, empregan ao 90,47% das persoas traballadoras por conta allea (90,60% en 2020).

Terceira. Recupérase a tendencia á alza dos cinco anos anteriores á pandemia respecto do número de persoas afiliadas á Seguridade Social (20.000 afiliadas máis), superando, no caso de Galicia, ás cifras de 2011 (primeiro ano que se recolle no correspondente cadro evolutivo), e situándose en parámetros un pouco superiores a 2017. Se o descenso de persoas afiliadas en 2020 situouse principalmente no réxime xeral, a recuperación en 2021 mantén a mesma preferencia. Por sectores, a meirande parte das persoas traballadoras afiliadas e en alta sitúanse no sector servizos, seguido de industria, construción e agrario, por ese orde. Ascende en mais de vinte mil o número de contratos concertados con persoas traballadoras estranxeiras, 18.354 das mesmas concentradas no sector servizos e maioritariamente baixo fórmulas de contratación temporal. Das contratacións a persoas estranxeiras en 2021, ascende proporcionalmente de forma mais acusada a contratación de persoas comunitarias.

CAPÍTULO 7. CONTRATACIÓN

Primeira. Tras varios anos cunha redución no número de contratos, dende 2015 aumentan de xeito continuado as contratacións ata 2019 que chegan a 1.086.123. A baixada en 2020 é notable ata as 749.220 contratacións, recuperándose en parte en 2021, con 918.214 contratos. En 2021 a modalidade de contrato eventual segue sendo a máis utilizada con 457.107 contratos celebrados, 351.569 en 2020. En segundo lugar encóntrase o contrato de obra ou servizo determinado con 275.310 contratos, 247.494 en 2020. Este tipo de contrato sumado ao anterior alcanzaron un 79,77% da contratación de 2021. Os contratos indefinidos ordinarios (bonificados e non bonificados) seguen tendo unha moi baixa representación porcentual cun 5,07% da contratación inicial.

Segunda. A rotación do asalariado galego (número de contratos eventuais que, por termo medio, se concertan con cada asalariado temporal) alcanzou os 3,43 contratos no caso das mulleres e os 4,32 nos homes en 2021. A media en España foi de 3,36 no grupo de mulleres e de 4,74 no de homes.

Terceira. Mantense unha elevada porcentaxe de persoal asalariado temporal, especialmente no colectivo feminino, e tamén se manteñen as distancias entre o grupo de homes e de mulleres entre 2020 e 2021. Seguen existindo determinadas modalidades contractuais maioritariamente femininas como son o contrato de interinidade ou os concertados a tempo parcial, e outras maioritariamente masculinas como o contrato de relevo ou xubilación parcial. Por sectores de actividade, só no sector servizos a contratación das mulleres supera á dos homes.

CAPÍTULO 8. A NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Primeira. A 31 de decembro de 2021 existen en Galicia 1.039 convenios colectivos, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente, dos cales 126 son de sector e 913 de empresa.

Asináronse por primeira vez este ano 15 convenios de empresa que afectan a 1.053 persoas traballadoras, das que 520 son homes e 533 mulleres.

Segunda. Durante o ano 2021 asináronse e/ou revisáronse 116 convenios colectivos (102 convenios **asinados** e 14 revisados), dos que 23 son de sector (19 convenios asinados e 4 revisados) e 93 son de empresa (83 convenios asinados e 10 revisados).

Afectaron estes convenios a 134.012 persoas traballadoras, das que 81.309 son homes e 52.703 mulleres.

Terceira. O incremento salarial pactado (media ponderada) nos convenios asinados e revisados este ano en Galicia foi do 2,49%, media inferior ao IPC galego (6,7%) e ao estatal (6,5%).

Recollen cláusulas de revisión salarial o 28,43% dos convenios asinados e o 28,57% dos revisados este ano.

Teñen pactos de ultraactividade o 82,35% dos convenios asinados neste ano (o 89,47% dos de sector e o 80,72% dos de empresa).

A xornada media pactada (media ponderada) no ano 2021 foi de 1.779,18 horas, sendo nos convenios de empresa de 1.745,43 horas e nos de sector de 1.781,61 horas.

O 65,69% dos convenios colectivos asinados no ano 2021 establecen unha xornada anual inferior á máxima legal (11 convenios de sector e 56 de empresa).

Cuarta. Rexistráronse en 2021 en Galicia 23 inaplicacións de convenio que afectan a 576 persoas traballadoras, das que 415 son homes e 161 mulleres. As condicións de traballo que se inaplican refírense maioritariamente á contía salarial (91,30%), sendo dentro destas a redución do salario a que máis se produce (86,96%).

No 69,57% a composición da comisión negociadora correspóndese co establecido no artigo 41 do Estatuto dos traballadores (comisión dun máximo de tres membros integrada por persoas traballadoras da propia empresa e elixida por estas democraticamente). No 30,43% está constituída pola representación legal das persoas traballadoras.

Non acudiron en ningún caso á mediación do AGA nin á decisión do órgano tripartito, por rematarse o procedemento en fases anteriores.

O 43,48% das inaplicacións rexistradas en 2021 teñen lugar en empresas que teñen entre 6 e 30 persoas traballadoras e o 39,13% en empresas que teñen entre 1 e 5.

Quinta. No ano 2021 existe participación de mulleres na comisión negociadora en 77 convenios, o 75,5% do total dos asinados este ano. Estes convenios afectan a 106.866 persoas traballadoras (o 83,3%), das que 59.764 son homes e 47.102 mulleres.

O número de mulleres que participaron nas comisión negociadoras foi de 77 por parte das empresas e/ou organizacións empresariais (un 29% fronte a 192 homes, un 71%) e 167 por parte das organizacións sindicais (un 29% fronte a 412 homes, un 71%).

CAPÍTULO 9. A SINISTRALIDADE LABORAL

Primeira. A recuperación da normalidade, despois dos efectos da pandemia que sufrimos en 2020, coa súa importante repercusión na actividade económica, supuxo que, en 2021, os accidentes en xornada de traballo con baixa en Galicia (29.146) supuxeran un incremento do 16,8% respecto dos de 2020 (24.962) e unha baixada do 7,8% respecto dos de 2019 (31.628). No conxunto do Estado (523.800) a subida, respecto de 2020 (446.195), foi do 17,4%, mentres que a baixada en relación cos de 2019 foi do 6,9%. No caso dos accidentes de traballo graves (451 en Galicia e 3.896 en España, en 2021; 399 en Galicia e 3.643 en España, en 2020; e 496 en Galicia e 4.335 en España, en 2019), a subida, respecto de 2020, foi do 13,0% en Galicia e do 6,9% en España; e, respecto de 2019, houbo unha baixada do 9,1% en Galicia e do 10,1% en España. Mentres que para os accidentes mortais (49 en Galicia e 611 en España, en 2021; 54 en Galicia e 634 en España, en 2020; e 56 en Galicia e 558 en España, en 2019), Galicia experimentou, respecto de 2020, una baixada do 9,3%, que foi do 12,5%, respecto de 2019; mentres que en España a baixada, respecto de 2020, foi 3,6%, e a subida, respecto de 2019, do 9,5%.

Ese total de accidentes en xornada de traballo con baixa en Galicia supón, en 2021, un 5,6% do total estatal, exactamente a mesma porcentaxe que en 2020 e 2019. Non obstante, os accidentes graves, en 2021, supoñen o 11,6% dos acontecidos en toda España (o 10,9% en 2020 e o 11,4% en 2019), e os mortais, en 2021, o 8,0% (o 8,5% en 2020 e o 10,0% en 2019).

Segunda. Analizando as cifras de accidentes ocorridos en xornada de traballo con baixa en todas as comunidades autónomas, Galicia ocupou, en 2021, o sexto lugar en número total de accidentes (en 2018 e 2019, ocupara a quinta posición, e, en 2020, a sexta) e tamén o sexto lugar en accidentes leves (ao igual que en 2018 e 2019; en 2020, o quinto), precedida, neste último caso, por Andalucía, Cataluña, Comunidade Valenciana, Madrid e País Vasco (tamén igual que en 2018, 2019 e 2020, se ben en 2021 tamén está por diante o País Vasco); o terceiro lugar no que atinxe aos accidentes graves, precedida neste caso tan só por Andalucía e Cataluña (de novo, igual que en 2018, 2019 e 2020); e o quinto lugar no que ten que ver cos accidentes mortais (en 2018 e 2019 ocupara o cuarto lugar, e en 2020 o quinto), precedida aquí a nosa comunidade autónoma por Andalucía, Cataluña, Comunidade Valenciana e Madrid.

Respecto dos índices de incidencia, en Galicia, nos últimos sete anos, coas excepcións de 2017 e 2019, o seu índice de incidencia para o total de accidentes de traballo tivo un mellor comportamento que o da maioría das demais comunidades autónomas. Non

obstante, ocorre algo ben distinto para o caso dos accidentes de traballo mortais en xornada de traballo. Entre 2009 e 2021, Galicia estivo sempre entre as catro comunidades autónomas cun maior índice de incidencia.

CAPÍTULO 10. CONFILITIVIDADE E MEDIOS DE SOLUCIÓN DE CONFLITOS DE TRABALLO

Primeira. No ano 2020, o impacto da pandemia reflectírase de forma moi intensa respecto do ano anterior: caera o número de folgas case ata a metade (de 898 a 487), o número de participantes caera en 112.958 persoas e as xornadas non traballadas diminuíran en 317.822 xornadas. A recuperación que se produce no ano 2021, en certa medida cunha recuperación de parámetros de normalidade en todos os eidos sociolaborais, maniféstase en que medra o número de folgas en 119 folgas máis, as persoas participantes en 47.530 persoas máis, e non obstante, caen as xornadas non traballadas en 117.764 xornadas menos. No caso de Galicia, o sector da industria supera lixeiramente o número de participantes (78 persoas máis), fronte ao ano 2020 que eran moitas máis que no sector servizos. En xornadas non traballadas é moi superior a cifra do sector da industria, que case multiplica por dúas ás xornadas non traballadas nos servizos. Apréciase así mesmo en Galicia unha gran diferenza de cifras das folgas provinciais fronte ás estatais. Se durante 2020 foron realizadas 26 folgas, 21 provinciais e 5 autonómicas, pode verse nos cadros 10.4 e 10.5 que no ano 2021 sube o número a 34 folgas (33 provinciais e 1 autonómica), desagregándose por provincias as que foron de empresa ou de sector, e neste mesmo ano provincialmente decrece tamén o número ata chegar a 33 folgas realizadas das 73 convocadas, case todas de empresa.

Segunda. No que atinxe ao AGA, no ano 2021 iniciáronse 108 expedientes (27 máis que no ano anterior), que afectaron a 5.472 empresas e 70.273 persoas traballadoras (case 3.700 máis que o ano anterior). Sobre o total de mediacións e arbitraxes levadas a cabo polo AGA, a efectividade acadada ao longo do ano 2021 foi do 69%, unha porcentaxe inferior en seis puntos porcentuais á acadada no ano 2020. O 93,2% destes procedementos foron conciliacións ou mediacións que afectaron a 45.172 persoas traballadoras e 5.133 empresas. O 6,8% restante foron arbitraxes que afectaron a 587 persoas traballadoras e 5 empresas.

CAPÍTULO 11. REGULACIÓN DE EMPREGO E FOGASA

Primeira. As persoas afectadas en computo global das catro provincias galegas en 2021, descendeu un 95%. Este descenso solo se deu nos procedementos de suspensión e redución de xornada (-96,4%), nos de despido colectivo houbo un incremento do 72,3%.

Este descenso global sigue estando moi lonxe dos datos previos á COVID-19.

O maior número de persoas afectadas concéntrase no sector servizos, seguido do sector de construción e o menor incremento está na industria.

Desagregando por sexo no 2021 nos ERTE COVID-19, hai máis mulleres afectadas que homes, (57,5% mulleres y 42,5% homes). Comparando Galicia co resto das CC. AA. apréciase que as prestacións ERTE COVID-19 percibidas na nosa comunidade supuxeron un 4% do total.

Segunda. En Galicia aumenta o número de persoas afectadas polas resolucións do Fogasa en un 1,7%, mentres no conxunto do Estado o aumento do número de persoas beneficiarias das resolucións do Fogasa, chegando ao 14% máis en 2021, con respecto a 2020. As provincias galegas máis afectada polas ditas resolucións foron Ourense e Pontevedra, que aumentan o número de persoas afectadas, nas outras dúas, Coruña e Lugo, redúcese.

CAP. 12. PROTECCIÓN SOCIAL

Primeira. Galicia é unha das comunidades autónomas con maior porcentaxe de pensionistas (7,8 % do total en 2021) unha ratio moi superior ao que representa a poboación galega no total do Estado (5,6 %). En relación coa contía percibida, a pensión media en Galicia entre 2010 e 2021 incrementouse en 234,4 euros, mentres que a suba na media do Estado foi de 260,1 euros.

Segunda. En 2021 en Galicia computáronse 481.000 pensións de xubilación, 300 máis que en 2020. A media en 2021 das pensións galegas de xubilación situouse en 1.004,1 euros mensuais, subindo 16,9 euros con respecto a 2020. A media estatal increméntase en 2021 en 18,1 euros, situándose en 1.189,7 euros, isto é, 185,6 euros por riba da media galega. As provincias de Lugo e Ourense, polo importante número de pensións de xubilación do sistema especial agrario, aparecen ambas as dúas cunha diferenza con respecto a media estatal de 299,5 euros no primeiro caso e 351,2 no segundo.

Terceira. As 96.584 persoas beneficiarias das prestacións de desemprego en decembro de 2021 supoñen o 4,7% do total español, a mesma ratio que en 2020. O 47,1% perciben unha prestación contributiva (63,3% en 2020), o 45,8% unha asistencial (32,2% en 2020) e o 7,1% restante a renda activa de inserción (4,5% en 2020). Pola súa banda, as 2.036.344 persoas beneficiarias en España en decembro de 2021 (938.506 menos que 2020) distribúense nunha proporción do 47,1% que perciben a prestación contributiva, o 47,6% a asistencial e o 7,1% o programa de activación para o emprego.

Cuarta. Galicia foi en 2021 a sexta comunidade autónoma con maior número de pensións non contributivas, despois de Andalucía, Cataluña, Comunidade Valenciana, Madrid e Canarias. As persoas perceptoras de pensións non contributivas en 2021 representan o 8,3% do total estatal, moi por riba de comunidades autónomas con moito maior número de habitantes que Galicia, como pode ser o caso da Comunidade de Madrid.

CAPÍTULO 13. ELECCIÓN SINDICAIS

Única. Analizando os resultados dos procesos electorais en Galicia do período 2018/2021 podemos constatar que a Confederación Intersindical Galega (CIG), cun resultado do 29,60% do total de persoas elixidas, é a que obtivo maior número de representantes, seguida polo Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, co 26,43%; e da Unión Xeral de Traballadores (UGT-Galicia), co 25,29%. O resto das entidades sindicais obtiveron un resultado global que non chegou ao 19%. En todos os casos, os resultados son practicamente idénticos aos do período 2017/2020.

Ademais, no período reflectido, a CIG é primeira forza sindical na Coruña e Pontevedra, e terceira en Lugo e Ourense; CCOO foi primeira forza en Lugo e segunda na Coruña, Ourense e Pontevedra; mentres que UGT resultou ser primeira forza sindical en Ourense, segunda en Lugo e terceira na Coruña e Pontevedra. Tamén aquí non houbo variación ningunha respecto do período 2017/2020.